



TRABALLANDO NAS FACTORÍAS BALTEIRA E CONSERVEIRA DE CANGAS: UNHA VISIÓN ÉPICA

ÍNDICE

1. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO A PARTIR DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO
2. OBXECTIVOS QUE, A CURTO E LONGO PRAZO, SE PRETENDEN ALCANZAR
3. DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO: CONTIDOS, METODOLOXÍA E ACTIVIDADES
4. A UTILIZACIÓN DOS RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO EN BENEFICIO DO PROXECTO
5. A COLABORACIÓN CON INSTITUCIÓNS DO CONTORNO
6. PLAN DE AVALIACIÓN
7. AS MEDIDAS QUE SE PENSAN TOMAR PARA DIFUNDIR O PROXECTO ENTRE O ALUMNADO, AS FAMILIAS E A COMUNIDADE, PARA FOMENTAR A SÚA PARTICIPACIÓN E APROVEITAMENTO

Coordinadora do proxecto
Rosa M^a Varela Rodríguez



1. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO A PARTIR DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO

O CENTRO

O centro sitúase no lugar de San Pedro, parroquia de Darbo, no municipio de Cangas. Este está ubicado no extremo sudoeste da Península do Morrazo, en pleno corazón das Rías Baixas. O municipio de Cangas conta cunha superficie total de 38.1 km² e unha poboación de 25.400 habitantes, sendo a segunda aglomeración urbana da ría despois da cidade de Vigo, coa que mantén conexións de tipo laboral, universitarias, sanitarias e residenciais.

O centro, ubicado no denominado "Monte Carrasco", de onde toma o seu nome, é unha zona rica en legados prehistóricos, en concreto, petroglifos. Está a unha distancia duns catro quilómetros do centro urbano.

A parroquia de Darbo, contorno xeográfico e social do alumnado que escolariza o centro, está situada no centro do termo municipal de Cangas, sendo a máis poboada do mesmo. Ten unha tendencia clara ao aumento de poboación, pois nos últimos anos, algunhas zonas da mesma estanse a converter en áreas residenciais do propio municipio e de Vigo.

Escolarízase alumnado dunha única etapa educativa: educación secundaria obrigatoria, procedente dun único centro adscrito, o CEIP "San Roque".

Trátase dun centro que participa en diversos proxectos de innovación educativa:

- Seccións Bilingües: desde o curso 2005-06, o centro vén participando no Plan de Seccións Bilingües, impartindo en inglés as materias de Educación Plástica e Visual e Música, contando na actualidade con 5 Seccións Bilingües (3 de Educación Plástica, en 1º, 3º e 4º; e 2 de Música, en 2º e 3º de ESO)
- Plans de Autoavaliación e Mellora da Calidade en centros educativos: dende o curso 2005-06 o centro vén participando na convocatoria da Consellería de Educación para o plans citados. Esta participación, que neste curso vai xa pola 4ª edición, vénnos permitindo curso a



curso mellorando algún aspecto do centro que no Claustro se analiza como mellorable. Así, na 1ª convocatoria traballamos a atención á diversidade; na 2ª, a competencia en comunicación lingüística; na 3ª, a educación en valores; este curso, finalmente, imos continuar o traballo de educación en valores, esta vez, referido á acción tutorial.

- Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares: este curso 2009-10, acolléndonos á convocatoria da Consellería de Educación para Bibliotecas Escolares, foi seleccionado o noso proxecto de Biblioteca Escolar, enmarcado no noso Proxecto Lector de Centro.

Tamén, o profesorado participa en numerosos proxectos e actividades de formación; ademais das relacionadas coa materia que imparte, con outras relacionadas cos diversos proxectos que se desenvolven no centro: Tecnoloxías da Información e Comunicación, Bibliotecas Escolares, Competencias Básicas, estancias no estranxeiro do profesorado que imparte materias CLIL.

SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA

Atopámonos nun instituto de contorno castelán falante. Á vista dos datos recollidos nos informes de comezo de curso respecto do uso do galego, evidénciase que a transmisión da nosa lingua entre xeracións vai perdendo pulo, pois un elevado número dos novos alumnos que chegan ao centro son castelán-falantes, fillos de castelán-falantes. Aspecto este que resulta moi preocupante. Esta situación explica que moitas rapazas e rapaces amosen actitudes negativas cara á lingua e unha falta de concienciación do sentido que ten o concepto de identidade a través da lingua e da cultura propias, o que leva a unha falta de dominio na expresión oral e escrita e cuestións de uso cotián do idioma.

Fóra do ámbito familiar tampouco o galego vive unha situación normalizada. Se ben é certo que no ámbito institucional, en rexistros formais, o galego se usa de forma xeneralizada, non podemos dicir o mesmo con respecto ao seu uso oral. Continúa a existir unha situación diglósica.



É por todo isto que consideramos, desde o IES Monte Carrasco, que desde a educación formal debemos contribuír á recuperación do uso normalizado da nosa lingua, da lingua de Galicia, a través de actividades atractivas para o alumnado e mediante as cales se convertan en axentes competentes no uso do galego, tanto oral como escrito, en contextos formais e informais. E constitúe este proxecto que a seguir presentamos unha ferramenta válida para lograr dito fin.

O proxecto a desenvolver será coherente co Proxecto Lingüístico do centro. Este, tendo en conta que no contorno castelán falante a lingua máis desfavorecida é o galego, recolle entre os seus obxectivos o de fomentar o uso oral da lingua galega e para acadalo considera que non só é necesario aprender galego e en galego, senón que debe garantírselle ao alumnado ámbitos, actividades e espazos de uso en que poidan utilizar activamente a lingua galega. Sería dito contexto no cal o proxecto tería sentido pleno.

O PROXECTO INSERIDO NA VIDA DO CENTRO

Entre os sectores da comunidade educativa que estarían implicados de xeito máis activo, contamos coa directa implicación do ENDL. Trátase dun colectivo seriamente comprometido coa normalización do galego, que leva adiante numerosas actividades ao longo do curso (exposicións temáticas, promoción da literatura galega a través de charlas de autores galegos e proposta de lectura do “libro do mes”, concurso de panxoliñas no mes de Nadal, celebración do mes da poesía -marzo-, exposición de BD en galego, concurso “Autores na procura da súa obra, intercambio con alumnos doutro centro de Galicia para coñecer de cerca as variedades xeográficas do galego, charlas de persoas implicadas na edición de libros en galego). Pertencen ao ENDL un grupo numeroso de alumnos que, conscientes da necesidade de recuperar o galego como lingua vehicular, se comprometen nas diversas actividades anteriormente mencionadas; organizándose os seus membros en varios grupos (o de relacións exteriores, o grupo de teatro, e o grupo que realiza a revista).



Tamén entre o profesorado se constata un serio compromiso nesta liña. O número de materias que o centro imparte en lingua galega acada o 50 % do total das materias por nivel, cumpríndose pois co programa de ensino bilingüe para conseguir que o alumnado adquira unha boa competencia nas dúas linguas ó final da secundaria obrigatoria. No cadro seguinte presentamos cales son esas materias:

1º ESO	Relixión/Atención educativa	Proxecto interdisciplinar	Educación física	Ciencias da natureza	Ciencias Sociais	Matemáticas	
2º ESO	Relixión/Atención educativa	Educación para a Cidadanía	Educación física	Ciencias da natureza	Ciencias Sociais	Matemáticas	
3º ESO	Relixión/Atención educativa	Obradoiro de iniciación ao audiovisual	Educación física	Bioloxía	Matemáticas	Ciencias Sociais	Física e Química
4º ESO	Relixión/Atención educativa	Matemáticas	Educación física	Bioloxía	Ética	Ciencias Sociais	Física e Química

Como consecuencia desta actitude favorable, contamos co compromiso dunha porcentaxe significativa do profesorado do centro para pór en marcha e levar adiante o proxecto presentado. Á parte do ENDL, compartirán o traballo, tanto desde as aulas como desde o asesoramento técnico, profesores das áreas de Lingua galega, Matemáticas, Relixión, Música, Ciencias sociais, Bioloxía/Xeoloxía, Plástica, Tecnoloxía, Educación Física, Orientación, Lingua galega, Lingua castelá, Lingua francesa e Lingua inglesa.

O NOSO PROXECTO

Escollemos como tema “Traballando nas factorías baleeira e conserveira de Cangas: unha visión épica” porque foron moitos os cidadáns desta vila os que nela deixaron as súas horas, tal e como di a cantiga popular:

“N`esta fábrica Massó
m`estou deixando a vida
mira, mira Maruxiña mira
mira como veño eu...”



Foi un traballo de todo un pobo, as factorías chegaron a empregar a máis de 1.000 persoas, mulleres na súa maioría, mulleres e homes aínda vivos, avoas e avós das nosas alumnas e alumnos, familiares, veciños... que gardan unha memoria colectiva que é necesario manter e transmitir ás novas xeracións. O feito de que fosen moitas as mulleres traballadoras na conserveira liga o proxecto ao noso interese por fomentar a igualdade entre homes e mulleres: o Día da Muller Traballadora celébrase todos os anos convidando a mulleres ocupadas en sectores representativos do mundo laboral cangués (tales como mariscadoras ou redeiras, que participaron nunha mesa redonda na conmemoración do 2008); no ano 2010, convidaremos a traballadoras das fábricas de conserva de Cangas.

O proxecto tenta continuar un labor iniciado o curso 2008- 2009 por alumnos de 1º ESO, a investigación sobre “A pesca de baixura en Cangas”. A partir deste traballo pensouse na posibilidade de coñecer máis de cerca como era a fábrica de conserva en Cangas, as súas orixes, en que consistían os traballos que alí se desempeñaban, cantas mulleres coñecidas estiveron alí empregadas... Cara ao futuro próximo, esperamos que, segundo vaia medrando este proxecto, se vaian abrindo novos campos de traballo e así garantir a súa continuidade.

É por isto polo que o proxecto que se pretende levar a cabo está plenamente inserto no Proxecto Educativo do Centro, a través da súa Programación Xeral Anual, con claros vencellos co Proxecto Interdisciplinar e o Plan Anual de Lectura.



2. OXECTIVOS QUE, A CURTO E LONGO PRAZO, SE PRETENDEN ALCANZAR

Obxectivos que se pretenden alcanzar a longo prazo:

- Impedir que se rompa a cadea de transmisión xeracional da lingua.
- Concienciar a poboación máis nova de que o galego é a lingua de Galicia e de que forma parte do patrimonio cultural de toda a humanidade, e é a nosa obriga como galegos mantela viva.
- Aumentar a conciencia individual dos falantes con respecto á defensa da lingua.
- Axudar a que se recupere o galego como vehículo de comunicación en todos os ámbitos da vida, tanto dentro como fóra das aulas.
- Desbotar prexuízos lingüísticos existentes na comunidade educativa.
- Utilizar o galego en contextos normalizados e, especialmente, coas novas tecnoloxías.

Obxectivos que se pretenden alcanzar a curto prazo:

- Manter viva a memoria colectiva, en concreto historias de traballadoras e traballadores das fábricas de Massó que funcionaron no seu día na vila de Cangas, recollendo os seus testemuños e conservándoos en soportes dixitais.
- Custodiar saberes das xeracións precedentes para podelos transmitir ás vindeiras.
- Gravar un documental que xire arredor do tema do proxecto, da actividade conserveira e baleeira en Cangas.
- Crear un glosario temático relacionado coas actividades conserveira e baleeira de Cangas.
- Estudar a toponimia e os nomes de rúas que garden relación con ditas actividades industriais e logo publicar os resultados.
- Crear un blog para divulgar os resultados dos traballos desenvolvidos.
- Utilizar algunha rede social (facebook, por exemplo) para intercambiar información.
- Propiciar e favorecer as relacións interxeracionais facendo visitas aos centros da Terceira Idade de Cangas e invitando ao centro a algunha persoa alí residente, que poida aportar algún coñecemento sobre a conserveira e a baleeira de Cangas.
- Realizar unha exposición fotográfica con material elaborado polos propios alumnos e con aquel intercambiado con algunha asociación, por exemplo coa Asociación Cultural "A Cepa".
- Realizar unha exposición con obxectos, utensilios, ferramentas... utilizados nas factorías conserveira e baleeira.
- Traballar co Museo Massó de Bueu.
- Investigar a influencia desta actividade industrial na literatura popular e publicar os resultados na revista *A Gaivota* do centro.



- Ler textos literarios e non literarios nos que apareza referida a vida e a actividade das mulleres e homes que traballaron nas industrias Massó.
- Promover un debate e posterior reflexión sobre os usos lingüísticos.
- Favorecer a adquisición de valores democráticos a través do traballo en grupo.

3. DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO: CONTIDOS, METODOLOXÍA E ACTIVIDADES

CONTIDOS QUE SE QUEREN TRABALLAR:

- A promoción dos valores democráticos de respecto interxeracional, solidariedade, igualdade entre homes e mulleres e traballo en equipo.
- A cultura e a historia de Galicia, a través de historias de vida: as traballadoras da conserva e factoría baleeira en Cangas.
- O galego, lingua con historia e con proxección de futuro: a utilización das novas tecnoloxías para o coñecemento, difusión e comunicación da nosa historia.

METODOLOXÍA

Para desenvolver estes contidos levaranse a cabo unha serie de actividades que se recollen no apartado seguinte, a través dunha metodoloxía diversa encamiñada ao logro dos obxectivos propostos.

- Traballo en equipo / traballo individual: entre os obxectivos que guían o noso proxecto, destaca o de promover valores democráticos mediante o diálogo e o traballo en grupo, de xeito que se aprenda a valorar e respectar o traballo dos demais e o propio, así tomarase conciencia de que o éxito colectivo do proxecto dependerá do éxito individual, e viceversa, o fracaso dun dos elos da cadea conleva a non realización do proxecto. Pero tamén é certo que o desenvolvemento individual é tamén un obxectivo do proxecto, a través de actividades de recollida de información (tanto oral como escrita, fotográfica, obxectos...) no contorno próximo do alumnado, involucrando así ás familias e o contorno social do centro.
- Traballo en equipos e grupos heteroxéneos: combinarase o traballo con determinados grupos-clase: 1º de ESO, co Proxecto Interdisciplinar, optativa de 3º de iniciación ao audiovisual, 4º do Programa de Diversificación Curricular,...; como equipos establecidos ad hoc ou que xa funcionan para outras actividades do centro: alumnado axente da lingua do ENDL, club de lectura (lerán parágrafos da obra de MOBY DICK), equipo redactor da revista "A Gaivota", alumnado que asiste á aula de apoio e que serán os



encargados do mantemento do blog que se cree para difundir a actividade.

- A busca documental / elaboración dos nosos propios documentos. A recuperación de documentos relativos ás conserveiras e baleeiras de Cangas: libros editados, fotografías nas propias casas do alumnado, ferramentas e aparellos, documentos de interese (nóminas, partes,... dos traballadores), serán unha fonte de información valiosa; pero tamén o será a recuperación das **historias de vida** daqueles e, sobre todo, aquelas que traballaron e aínda na traballan nas conserveiras e baleeira do concello de Cangas. A gravación, edición e difusión deste material, a través do blog e da revista do centro, será un xeito de crear en galego e ao mesmo tempo de recuperar e difundir a nosa historia colectiva e que configura a nosa identidade actual.
- Implicación da comunidade educativa: a través da Xunta de Delegados, dos axentes da lingua, do club de lectura, a Asociación de Nais e Pais, grupo de pais e nais do alumnado de 1º de ESO, o profesorado, a través do ENDL e outros grupos de traballo xa existentes, así como o que se forme ad hoc para o proxecto.
- Implicación doutras institucións: tal e como se recolle no epígrafe 5 deste proxecto, a apertura ao contorno é clave para o desenvolvemento do mesmo, xa que tanto o espacio físico, os restos fabrís aínda existentes, as fábricas que aínda funcionan, os museos como a poboación será a fonte de información principal de información documental. Así mesmo, as institucións, organismos e institucións que operan no mesmo territorio serán colaboradoras e obxecto de colaboración para o desenvolvemento do proxecto.



DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES

	1º TRIMESTRE
	Descrición
Actividades de posta en marcha	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Xuntanza do profesorado implicado para distribuír tarefas: cada dpto. desenvolverá un aspecto integrado na súa programación. ▪ Xuntanza coa Xunta de Delegados. ▪ Xuntanza con alumnado colaborador: axentes da lingua do ENDL... ▪ Xuntanza cos responsables do club de lectura ▪ Xuntanza coa directiva da ANPA, para explicarlles o proxecto e pedirilles a súa colaboración.
Actividades de grupo-clase	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Elaboración dun glosario de termos relacionados coas factorías conserveiras e baleeira. ▪ Recollida de cantigas e manifestacións da literatura popular que garden relación co tema do proxecto. ▪ Estudo e investigación de elementos da toponimia e do rueiro de Cangas, en relación co tema do proxecto. ▪ Ubicación con Google Earth das principais conserveiras do concello e análise do seu plano.
Actividades de centro	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Exposición fotográfica co material recollido polo alumnado no seu contorno e familiar, así como colaboración da Asociación Cultural "A Cepa".
Actividades de grupos-heteroxéneos	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Creación dun blog para difundir información e novas relativas ao proxecto. ▪ Creación dun foro de debate a través dunha rede social.
Actividades que impliquen a outros colectivos e institucións	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Visita ao Centro de Día ubicado na parroquia de Darbo, para ver de que os maiores que asisten colaboren no proxecto. ▪ Exposición fotográfica co material recollido polo alumnado no seu contorno e familiar, así como colaboración da Asociación Cultural "A Cepa".



	2º TRIMESTRE
	Descrición
Actividades de grupo-clase	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Tradución dun fragmento da obra de Herman Melville, <i>Moby Dick</i>. ▪ Estudo e análise da caza da balea: aspectos positivos e negativos. ▪ Visita ao Museo Massó co alumnado de 1º de ESO.
Actividades de centro	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Charla-coloquio con traballadoras da conserveira e baleeira de Cangas.
Actividades de grupos-heteroxéneos	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Mantemento do blog para difundir información e novas relativas ao proxecto. ▪ Mantemento do foro de debate a través dunha rede social. ▪ Realización de gravacións de entrevistas a persoas que estiveron implicadas no traballo das factorías conserveiras e baleeira.
Actividades que impliquen a outros colectivos e institucións	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Visita ao Centro de Día ubicado na parroquia de Darbo, para realizar gravacións. ▪ Visita ao Museo Massó. Entrevista ao seu director. Análise dos fondos expostos en relación coa caza da balea e a industria conserveira.

	3º TRIMESTRE
	Descrición
Actividades de grupo-clase	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Redacción de artigos para a Wikipedia ou a Galipedia sobre a historia da conserva e da industria baleeira en Cangas.
Actividades de centro	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Exposición de obxectos, ferramentas, elementos publicitarios... que no seu tempo foron utilizados nas conserveiras e baleeira de Cangas. ▪ Difusión do documental no Auditorio de Cangas, para facer partícipe a toda a comunidade.
Actividades de grupos-heteroxéneos	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Mantemento don blog para difundir información e novas relativas ao proxecto. ▪ Mantemento do foro de debate a través dunha rede social. ▪ Publicación do traballo "Técnicas da caza da balea" ▪ Gravación dun documental coas historias de vida de persoas que desenvolveron o seu traballo nas factorías conserveiras e baleeira de Cangas.
Actividades que impliquen a outros colectivos e institucións	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Visita ao Centro de Día ubicado na parroquia de Darbo, para gravar historias de vida. ▪ Entrevista con técnicos do concello de Cangas, para elaborar os distintos documentos. ▪ A Asociación de Pais e Nais, colabora na montaxe da exposición así como na busca de obxectos para a mesma. ▪ Invitacións aos colectivos do contorno a visitar a nosa exposición.
Actividades de avaliación	No 3º trimestre, realizaremos diversas actividades de avaliación, tal e como se recolle no epígrafe 6 deste proxecto.



4. RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO QUE SERÁN UTILIZADOS EN BENEFICIO DO PROXECTO

Servirannos para o desenvolvemento do proxecto recursos materiais e humanos existentes no instituto, así como recursos que ofrece a rede:

- A biblioteca, actualmente en fase de renovación e de actualización de fondos documentais e de desenvolvemento do proxecto “Escoita, mira, le” (Proxecto de biblioteca escolar). Espazo moi útil, pois está concibida como dinámico centro de recursos e activo servizo de información. Nela contamos con varios ordenadores.
- A sala de usos múltiples, dotada dun equipo multimedia.
- A aula de apoio, aula multimedia onde se levará a cabo a actualización do blog.
- Aula de informática, con dezasete postos e unha pantalla dixital interactiva.
- Vídeos-proxectores preparados para a conexión de portátiles nas aulas.
- O uso de correo electrónico para estar sempre en contacto as persoas implicadas.
- Ademais dos membros da comunidade educativa de xeito individual, serán un recurso para o proxecto as estruturas colexiadas derivadas dos órganos de Goberno do centro, así como outras estruturas grupais: ENDL, grupo de traballo do Plan de Autoavaliación e Mellora, grupo de apoio á biblioteca,...

5. COLABORACIÓN CON INSTITUCIÓNS DO CONTORNO

Nun principio contamos coa colaboración de varias entidades culturais e asociativas:

- A Asociación cultural “A Ceba”, que leva a cabo un labor de recuperación da memoria histórica da vila de Cangas.
- A AAVV. Daravelo, asociación veciñal coa que están directa ou indirectamente relacionadas persoas que traballaron nas fábricas da conserva e da baleeira de Cangas.
- Os centros da Terceira Idade de Cangas, especialmente do Centro de Día que está ubicado na nosa parroquia.

E tamén con organismos e institucións:

- CEIP “San Roque”, centro de Educación Infantil e Primaria adscrito ao centro e que comparte zona xeográfica e poboacional.
- Museo Massó de Bueu
- Concello de Cangas, a través do Departamento de Cultura.



Non obstante, déixase aberto o campo de colaboracións a todas aquelas entidades que estean interesadas en axudar ao desenvolvemento do proxecto.

6. PLAN DE AVALIACIÓN

O centro ten unha longa traxectoria de avaliación dos proxectos e actividades que desenvolve; de certo, conta con enquisas estandarizadas para avaliar as medidas de atención á diversidade, o Proxecto Lector de centro, Plan de Convivencia do centro, sempre desde a perspectiva do alumnado, do profesorado e nalgúns aspectos das familias. Esta avaliación ten como finalidade introducir as melloras pertinentes en cursos posteriores.

No caso deste proxecto, utilizaremos enquisas similares para comprobar:

- O grao de satisfacción do alumnado participante e non participante directamente.
- O grao de satisfacción do profesorado participante e non participante directamente.
- O grao de satisfacción das entidades e institucións que colaboraron con nós.
- Grao de cumprimento dos obxectivos propostos.
- Grao de desenvolvemento das actividades propostas.

Con estas análises, así como en debates informais que se van realizando ao longo do curso (e que serven tamén para a difusión do proxecto), faremos propostas de mellora, que se levarán á Comisión de Coordinación Pedagóxica para o vindeiro curso.

7. AS MEDIDAS QUE SE PENSAN TOMAR PARA DIFUNDIR O PROXECTO ENTRE O ALUMNADO, AS FAMILIAS E A COMUNIDADE, PARA FOMENTAR A SÚA PARTICIPACIÓN E APROVEITAMENTO

Como primeira medida a tomar, reunirase o claustro de profesores para ser informado do desenvolvemento do proxecto. E despois convocaranse reunións con delegados de alumnos, profesorado implicado, ANPA e co persoal non docente do centro.

Durante o desenvolvemento do proxecto a comunidade educativa recibirá información a través de material como trípticos, carteis e notas de prensa e do correo electrónico.

A rede constitúe, asemade, un medio óptimo para a constante difusión das actividades desenvolvidas e o seu proceso de realización:

- Publicación dos traballos no blog específico creado para o proxecto.
- Colaboración co blog do ENDL.
- Información da actividade a blogs invitados.



Tamén se realizarán visitas ás asociacións de veciños, aos colexios e institutos do contorno (colexio de San Roque, de Nazaret, IES de Rodeira, IES María Soliño...) e ás entidades colaboradoras no proxecto (centros da Terceira Idade, asociación cultural "A Ceba") para dar a coñecer os resultados obtidos.

Publicaranse monográficos que recollan os traballos realizados.

Colaborarase na revista do centro "A Gaivota".

Faranse publicacións no blog do ENDL.

Proxectarase o documental no centro (contando coa participación de todos os membros da comunidade educativa) e, se é posible (como xa se fixo coa película *A última clase* realizada o curso 2008-2009), no Auditorio de Cangas.

8. FORMACIÓN DO PROFESORADO

As profesoras e profesores que van colaborar no desenvolvemento do proxecto consideran que serían interesantes os seguintes obradoiros :

- Obradoiro de como realizar proxectos documentais (como recoller información, como analizar os datos compilados...)
- Obradoiro de elaboración de blogs.
- Obradoiro no que se analicen as utilidades das redes sociais.
- Obradoiro de audiovisual "low cost" (como utilizar ferramentas que se teñen na casa sen meterse en gastos)